

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A
"COOPERATIVA DE ARMADORES DE PESCA DEL PUERTO DE VIGO, SOCIEDAD
COOPERATIVA GALLEGA", PARA A ORGANIZACIÓN DA "X CONFERENCIA
INTERNACIONAL ARVI SOBRE O FUTURO DA PESCA E A EXHIBICIÓN
GASTRONÓMICA DURANTE A CELEBRACIÓN DA REUNIÓN ANUAL DA NAFO EN
VIGO"**

En Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D. Antonio Basanta Fernández, en calidade de director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, por delegación da conselleira, en virtude das facultades delegadas que lle confire a Orde do 21 de febreiro de 2022, da mesma consellería, publicada no DOG núm. 41, do 1 de marzo e, de conformidade co Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

E doutra, Hugo Crisanto González García, xerente adxunto da Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI), con sede en Porto Pesqueiro, edif. Ramiro Gordejuela 36202 Vigo (Pontevedra), inscrita no Rexistro Especial de Cooperativas por Resolución da Dirección Xeral de Promoción Social con data 7 de abril de 1.965, co nº 12.267, actuando na súa representación, de conformidade co disposto na escritura de poder de data catorce de outubro de dous mil dezanove ante o Notario de Vigo, D. José María Rueda Pérez con número de protocolo 2.244.

EXPOÑEN

PRIMEIRO:

Que as administracións públicas poden asinar convenios de colaboración con entidades pertencentes ao sector privado, segundo dispón no artigo 6 da Lei 9/2017,

de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sempre que o seu obxecto non estea comprendido na dita lei ou en normas administrativas especiais.

SEGUNDO:

Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.

Neste sentido a Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

TERCEIRO:

A "Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo, Sociedad Cooperativa Gallega" (en diante, ARVI) é una institución que representa a todos os segmentos da flota e que exerce a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia. ARVI e as asociacións que a integran constitúen o grupo de armadores de buques pesqueiros máis importante de España e un dos máis importantes da U.E. Desenvolve para o sector actividades de formación, prevención de riscos laborais e promoción da investigación, desenvolvemento e innovación, entre outras, e ten, entre os seus fins, a promoción de especies (promover o valor engadido e a calidade das especies pesqueiras) e prospección de novos mercados para a introdución de novas especies. Neste liña de actuacións está a organización da "X Conferencia Internacional ARVI

sobre o futuro da pesca e a exhibición gastronómica durante a celebración da reunión anual da NAFO en Vigo”.

Dado que é a única asociación do sector da pesca capacitada para executar o investimento inmaterial obxecto deste convenio de colaboración e que se trata dunha actuación única promovida por ARVI, non sería posible promover a concorrência competitiva con outras asociacións do sector.

Que por canto a Consellería do Mar e ARVI están interesados na potenciación dos produtos da pesca en Galicia así como na mellora da situación socioeconómica das xentes que viven desta actividade, é polo que cómpre establecer as condicións que permitan a coordinación de accións de promoción das especies e prospección de novos mercados.

No marco do presente convenio desenvolveranse diversas accións de promoción do sector e mellora da comercialización coa organización da “X Conferencia Internacional ARVI sobre o futuro da pesca”, a celebrar do 26 ao 27 de xuño de 2023 e a “Exhibición gastronómica durante a celebración da reunión anual da NAFO en Vigo”, a celebrar do 18 ao 22 de setembro de 2023, en Vigo.

CUARTO:

Que as partes anteriormente referenciadas consideran de mutuo interese a realización da “X Conferencia Internacional ARVI sobre o futuro da pesca e exhibición gastronómica durante a celebración da reunión anual da NAFO en Vigo” xa que estas actividades redundarán nunha mellora do sector pesqueiro.

QUINTO:

Que para o desenvolvemento das actividades que se indican máis adiante, as partes, de forma conxunta, dispoñen de medios humanos e materiais suficientes.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e ARVI para a realización de diversas accións de promoción do sector e mellora da comercialización coa organización da "X Conferencia Internacional ARVI sobre el futuro de la pesca e exhibición gastronómica durante a celebración da reunión anual da NAFO en Vigo". As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

1 "X Conferencia Internacional ARVI sobre o futuro da pesca":

A) Por parte de ARVI:

- Promoción da asistencia dos principais distribuidores de peixe de España, dado que o sector da distribución é o principal motor de atracción do resto de empresas da cadea de subministracións.
- Organización previa do evento.
- Elaboración, edición e distribución da documentación.
- Xestión da axenda dos poñentes.
- Dirección técnica, produción e comunicación.

B) Por parte da Consellería do Mar:

- Apoio á organización do evento (que inclúe gastos de persoal, medios audiovisuais, edición de programas, loxística, etc.).
- Apoio á calidade dos contidos do Congreso a través da programación de poñentes de recoñecido prestixio.

2 "Exhibición gastronómica durante a celebración da reunión anual da NAFO en Vigo"

A) Por parte de ARVI:

- Xestión do espazo gastronómico.
- Organización, promoción e difusión do evento.
- Subministro do produto a degustar.

B) Por parte da Consellería do Mar:

- Apoio á organización e promoción do evento (que inclúe os gastos de contratación da empresa de catering).

SEGUNDA. CONDICIÓN ECONÓMICAS

A Consellería do Mar contribuirá á realización das accións comprendidas no obxecto do presente convenio cunha achega económica, que ten como finalidade compensar a ARVI polos gastos nos que incorre como consecuencia de levar a cabo as actuacións obxecto do convenio, cifradas na cantidade de TRINTA E CATRO MIL CINCOCENTOS SESENTA E OITO EUROS E CINCO CÉNTIMOS (34.568,05€), con cargo á aplicación orzamentaria 15.02.723B.640.0, código de proxecto 2016 00286S, sendo esta partida económica axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse pola súa propia natureza como un activo configurado como un investimento de carácter intanxible que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería do Mar neste ámbito e que non dará lugar a investimentos reais de carácter material.

Para a realización das accións obxecto deste convenio ARVI contribuirá cun máximo de TRINTA E CATRO MIL SEISCENTOS EUROS (34.600,00€), cofinanciación na cal poderase asignar custos de estrutura (persoal, materiais, instalacións, equipamento, etc.) e responsabilizarse de organizar as actividades do convenio na súa totalidade, en estreita colaboración coa Consellería do Mar.

No caso de que a execución das actividades previstas na cláusula primeira e realizadas no marco deste convenio de colaboración non supoñan o gasto da

cantidade máxima prevista nos parágrafos anteriores, cada una das partes asinantes deberán asumir o 50% dos gastos nos que efectivamente se incorran, coa excepción de que a Comisión de seguimento creada na cláusula quinta emita outro ditame que estableza outro reparto, de maior ou inferior porcentaxe para cada unha das partes, tendo en conta as xustificacións que se presenten ao respecto.

No caso de que a execución das actividades previstas na cláusula primeira e realizadas no marco deste convenio de colaboración supoñan a superación da cantidade máxima establecida no mesmo, a Consellería do Mar contribuirá cunha cantidade máxima de TRINTA E CATRO MIL CINCOCENTOS SESENTA E OITO EUROS E CINCO CÉNTIMOS (34.568,05€).

A tramitación do expediente é ordinaria e existe crédito suficiente previsto na Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

As actuacións recollidas no presente convenio (Anexo A) son financiáveis, nun 75 %, co Fondo Europeo Marítimo da Pesca (FEMP). Faise constar tamén a elixibilidade da actuación que se pretende a través da contratación que se propón no marco da Prioridade da Unión, Obxectivo e Medida do FEMP: 5.1.3: Medidas de comercialización, prevista no artigo 68 do Regulamento (UE) 508/2014, do 15 de maio. Esta participación farase constar en todas cantas actuacións se realicen ao abeiro deste convenio.

ARVI empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio, non obtendo ningún beneficio económico desta consignación orzamentaria.

Farase un único pago contra a presentación das facturas polos investimentos inmateriais realizados, aos que se xuntarán certificacións actualizadas expedidas por cadansúa administración que acrediten que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes contraídas coa Administración da Xunta de Galicia. As facturas deberán ser conformadas pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica para estes efectos.

ARVI aportará unha declaración doutras axudas para a mesma finalidade do convenio e xunto coa documentación presentará a conta de resultados en relación á finalidade do convenio que abranza todos os gastos e ingresos nos que se incorra na organización do evento obxecto do convenio.

Para facer efectivo o pagamento presentarán a memoria á que se fai referencia na cláusula terceira seguinte.

TERCEIRA. OBRIGAS

ARVI obrígase a realizar as accións especificadas na cláusula primeira do presente convenio.

No marco do presente convenio, ARVI obrígase a facer constar a participación da Consellería do Mar nas exhibicións publicitarias que teñan lugar no marco deste convenio.

Finalmente presentará diante da Consellería do Mar unha memoria descritiva da realización do obxecto do convenio.

CUARTA. RÉXIME DE PERSOAL

A realización das actuacións previstas neste convenio non levará consigo ningún tipo de relación de carácter laboral entre a Consellería do Mar e as persoas que interveñan ou puideran intervir na súa execución, sendo ARVI responsable das obrigas sociais e laborais que se puideran derivar da contratación, pola mesma, do referido persoal.

QUINTA. SEGUIMIENTO

Para os efectos de coidar do cumprimento do estipulado no presente convenio créase unha comisión de seguimento do mesmo, que estará composta polo xefe do Servizo de Mercados, en representación da Consellería do Mar, e polo xefe de Planificación, Proxectos e Innovación, en representación de ARVI. A dita comisión, que se xuntará a petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio. Esta comisión de seguimento

garantirá, ademais, que as aportacións financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non superan os gastos derivados da execución do convenio.

Neste senso, ARVI atenderá ás indicacións, suxestións e requirimentos que se lle formulen desde a Consellería do Mar en relación co obxecto do presente convenio.

SEXTA. VIXENCIA

A vixencia do presente convenio estenderase desde a súa sinatura e ata 30 de novembro de 2023, non sendo susceptible de prórroga.

SÉTIMA. RESOLUCIÓN

Serán causa de resolución do convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das cláusulas contidas no mesmo.

OITAVA. CARÁCTER DO CONVENIO

Este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada Lei.

NOVENA. LITIXIOS

As cuestións controvertidas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán ser solucionadas pola comisión de seguimento á que se refire a cláusula quinta anterior. Se non se puidera alcanzar dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

DÉCIMA. AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DOS DATOS DOS ASINANTES NO PORTAL DE TRANSPARENCIA

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e máis no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data ao comezo indicados.

Pola Consellería do Mar
P.D. Orde do 21/02/2022,
DOG núm.41 do 01/03/2022

Por ARVI

O director xeral de Pesca, Acuicultura e
Innovación Tecnolóxica

O xerente adxunto

Antonio Basanta Fernández

Hugo Crisanto González García



ANEXO A



X CONFERENCIA INTERNACIONAL SOBRE EL FUTURO DE LA PESCA 2023

CONCEPTO GASTO	XUNTA IMPORTE SIN IVA	TIPO IVA	ARVI IMPORTE CON IVA	ARVI IMPORTE SIN IVA	ARVI IMPORTE CON IVA
Organización previa de los eventos				6.600,00 €	6.600,00 €
Diseño, edición e impresión del programa y boletín de inscripción.	600,00 €	21%	726,00 €		
Señalización, imagen gráfica y montaje de la sala de conferencias.	1.500,00 €	21%	1.815,00 €		
Documentación para los asistentes a la X Conferencia Internacional Arvi:	2.000,00 €	21%	2.420,00 €		
Fotobook final	600,00 €	21%	726,00 €		
Redacción de los programas, folletos informativo y de los contenidos de la conferencia, gestión de los medios informáticos				7.000,00 €	7.000,00 €
Retransmisión de señal en streaming en dos idiomas	1.425,00 €	21%	1.724,25 €		
Servicio audiovisual con webinar	1.050,00 €	21%	1.270,50 €		
Servicio de intérpretes traducción simultánea y equipos de audio	2.350,00 €	21%	2.843,50 €		
Coffee break Y DEGUSTACIÓN DE PRODUCTOS DE GALICIA. Para 75 personas:	2.400,00 €	10%	2.640,00 €		
Viajes y hoteles de los ponentes de la X Conferencia Internacional Arvi:	3.000,00 €	10%	3.300,00 €		
Presente conferenciantes	1.680,00 €	21%	2.032,80 €		
Gestión de desplazamientos y estancias, gestión de inscripciones, recepción de asistentes.				7.000,00 €	7.000,00 €
Cena con los ponentes, miembros de la mesa y autoridades de la X Conferencia Internacional Arvi.	1.500,00 €	10%	1.650,00 €		
Dirección técnica, producción y comunicación.	7.000,00 €	21%	8.470,00 €		
Redacción de conclusiones.				4.600,00 €	4.600,00 €
Gestión de difusión en página Web y redes sociales				4.400,00 €	4.400,00 €
TOTAL PRESUPUESTO CONFERENCIA	25.105,00 €		29.618,05 €	29.600,00 €	29.600,00 €
EVENTO GASTRONÓMICO REUNIÓN ANUAL DE NAFO 2023					
Contratación de empresa de catering para realización del evento	4.500,00 €	10%	4.950,00 €		
Gestión de suministro de producto, organización del evento invitaciones				5.000,00 €	5.000,00 €
TOTAL PRESUPUESTO EVENTO GASTRONÓMICO	4.500,00 €		4.950,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €
TOTAL PRESUPUESTO DEL CPVVENIO 2023	29.605,00 €	- €	34.568,05 €	34.600,00 €	34.600,00 €

go 5 de marzo de 2023
ARVI
DIPLOMA DE PARTICIPACIÓN
No. HUGO GILBERTO GONZÁLEZ GARCÍA
Presidente del CPVVENIO